

Día das letras galegas

*Eladio
Rodríguez González*



• O Día das Letras Galegas adícase esta ano á figura e á obra do ourensán Eladio Rodríguez González (1864-1949), poeta, lexicógrafo, xornalista e home comprometido activamente con Galicia dende tódolos eidos culturais •



A Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos

A entidade máis antiga da cidade é a Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos, fundada en 1847.

Concibida como unha entidade de carácter popular, non de elites (aínda que, co decorrer do tempo, acabou sendo controlada pola burguesía coruñesa), per-

O Circo de Artesáns foi concebida coma unha entidade de carácter popular

tenceron a ela milleiros de coruñeses, estando presidida, ao longo dos tempos, por persoeiros como Manuel Casás, José Búa Carou, César Alvajar ou Antonio Carballo Fernández. Eladio Rodríguez formou parte duhna das súas xuntas directivas, ocupando o cargo de bibliotecario. Pero non se limitou a un exercicio testemuñal ou rutineiro do cargo, senón que emprendeu a catalogación dos fondos da biblioteca da sociedade, unha das máis importantes da Coruña, publicándose en 1901 un libro recollendo o seu traballo: *Catálogo de las obras científicas, literarias y musicales que figuran en la biblioteca de la Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos de La Coruña*. Desta obra saíra, seis anos despois, un suplemento.

Eladio Rodríguez emprendeu a catalogación dos fondos da biblioteca

Na entidade, coñecida popularmente como Circo de Artesáns, representábase en 1897 un dos seus apropósitos, escrito en colaboración con Alfredo de la Fuente: *La última broma*. Ao ano seguinte escribirán, e representarán, *El gachó del cisne* e, en 1899, *La postrera campanada*.



ELADIO RODRÍGUEZ

O asociacionismo coruñés

Un percorrido polos eidos culturais e filantrópicos galegos

Carlos Pereira Martínez

A cidade da Coruña distinguíuse sempre pola súa intensa vida asociativa. Centos de entidades culturais, deportivas, sindicais, profesionais, políticas, de instrución, de recreo, de socorros mutuos...foron creadas polos coruñeses para satisfacer as súas necesidades ou vehiculizar as súas reivindicacións. Raro debía ser o cidadán coruñés que non pertencese a algunha destas entidades. Non é de estrañar, pois, que dende a súa chegada á cidade, soubese o ourensán Eladio Rodríguez González integrarse no mundo asociativo herculino.

Non pretendemos, nesta colaboración, facermos unha análise pormenorizada da actividade desenvolvida por Eladio Rodríguez nas distintas entidades coruñesas ás que pertenceu; limitámonos, pois, a ofrecer unhas

celebraba na "Librería Regional" do astorgano Manuel Martínez Salazar, debeu ser un privilexio. Ademais dos citados, asistían persoeiros como Uxío Carré Aldao (futuro propietario da librería) Manuel Murguía, Eduardo Pondal, Xosé Pérez Ballesteros, Salvador Golpe Varela, Francisco Tettamancy Gastón, Evaristo Martelo Paumón (marqués de Almeiras), Galo Salinas, Florencio Vaamonde Lores, Manuel Banet Fontenla ou Manuel Luígrís Freire, entre outros.

Aínda que non era unha entidade oficialmente rexistrada, xogou un importante papel no mundo cultural e político coruñés, tanto no que respecta ao nacemento da Real Academia Galega como na participación no movemento rexionalista. Os contertulios da Cova Céltica crearán, en 1895, a denominada Liga Regional, con escaso éxito. Un par de anos despois,

llega da Cruña, formando parte Eladio Rodríguez, como vocal, da súa directiva fundacional. Tempo despois ocuparía o cargo de bibliotecario. Entre as actividades desenvolvidas pola Liga podemos salientar unha campaña a prol da Autonomía de Galicia.

A Real Academia Galega, aínda que sobordaba o ámbito coruñés, recollía nos seus Estatutos que a sede da mesma tiña que radicar na cidade da Coruña. Eladio Rodríguez, que ingresou na mesma, como académico numerario fundador, o 30 de setembro de 1906, ocuparía o cargo de secretario dende 1920, substituíndo a Jaime Ozores de Prado, marqués de San Martín de Hombreiro. A culminación da súa traxectoria como académico chegará cando resulta elixido presidente o 20 de novembro de 1926, logo do falecemento de Francisco Ponte y Blanco. Permanecerá á fronte da institución ata a primavera de 1934, cando no cal presenta a súa dimisión por razóns de saúde, tomando o relevo Manuel Freire. O labor como académico de Eladio Rodríguez será moi intenso, tanto nos traballos propios da Academia como na representación da institución.

A RAG, inda que sobordaba o ámbito coruñés, recollía nos seus estatutos que a súa sede tiña que radicar na Coruña

O seu labor como académico será moi intenso, tanto nos traballos propios da Academia como na representación da institución

Contertulios da Cova Céltica crearán, en 1895, a denominada Liga Regional, con pouco éxito

A culminación da súa traxectoria como académico chegará cando resulta elixido presidente o 20 de novembro de 1926

Eladio Rodríguez ingresou na Real Academia Galega como académico numerario fundador en 1906

A Irmandade de Amigos da Fala

Fundada o 18 de maio de 1916, a Irmandade de Amigos da Fala acolheu no seu seo a unha deslectualidade coruñesa, aínda que, cando a entidade se foi decantando cara reivindicacións de carácter máis político, algúns dos fundadores abandonárona.

Eladio Rodríguez formará parte dos grupo iniciador da Irmandade que, nos albores da II República, converteríase na delegación coruñesa do Partido Galeguista. A súa relación coa Irmandade non estivo exenta de conflitos, destacando o suscitado a raíz da elección de Francisco Ponte y Blanco como presidente da Academia galega,

apadriñado por Eladio Rodríguez, que foi duramente criticado polo voceiro da Irmandade, A Nosa Terra.

O mundo do folclore galego

Tamén interesaba a don Eladio o mundo do folclore galego. Foi o primeiro presidente da coral Cántigas da Terra (aínda existente), entidade promovida polo prateiro Xerardo Roque Lagüela.

O primeiro director desta coral sería o músico Mauricio Farto. Para esta entidade escribiu algunhas cantigas. Destaca entre elas a composición que escribiu para a presentación do coro, que se deu a coñecer ao público o 12 de xullo de 1917.

Polo seu vencello a Cántigas da Terra, Eladio Rodríguez será socio de Honor do Real Coro Toxos e Flores de Ferrol. Cando esta entidade ferrolá convoca un importante festival de homenaxe ao seu gaitero máis distinguido, Manuel Lorenzo Barxa, nunha folia que convoca a este evento aparecen, entre os asinantes, Eladio Rodríguez, Uxío Carré Aldao e Leandro Carré Alvarellos. A Homenaxe celebrouse no "Teatro Jofre" de Ferrol o 15 de outubro de 1926. Entre as persoas que estaba previsto que asistisen estaba Eladio Rodríguez "laureado poeta". Eladio remitiu un poema, que leu no transcurso do acto.



A Asociación da Prensa

Aínda que Eladio Rodríguez era funcionario do Concello da Coruña, no que ingresara en 1888 e no cal permaneceu ata a súa xubilación, como oficial maior, en 1937, exerceu outras profesións, entre as que sobrancea o xornalismo. Escribiu nos xornais La Mañana (do que sería director), Revista Gallega (órgano durante un tempo da Liga Gallega da Cruña) foi correspondente do ABC, dirixindo tamén El Noroeste.

O 5 de decembro de 1904, en xuntanza celebrada nos locais da popular Reunión de Artesáns funda, con outros profesionais, a Asociación da Prensa coruñesa.

A primeira xunta directiva quedou composta por Urbano González Varela como presidente, Eladio Rodríguez como vicepresidente, Bernardo Faginas e Alejandro Barreiro como secretarios, Francisco Rodríguez Pereira como contador, José García González como tesoureiro e Robustiano Faginas, José María González e Baltasar Suárez Andrade como vocais. Co tempo, chegaría a presidir esta entidade.

Colaborou tamén Eladio Rodríguez en institucións filantrópicas como a Cruz Vermella provincial coruñesa, entidade da que resulta elixido vicepresidente 1º en xuntanza celebrada no local da Reunión de Artesáns o 22 de decembro de 1896, encomendándose a redacción da Memoria da entidade. Aprobárase dita Memoria en maio de 1899, sendo publicada en 1902.

Constituíuse no pazo municipal da Coruña o 20 de agosto de 1931. Formaron a súa primeira xunta directiva María Barbeito Cerviño, como presidenta e Eladio Rodríguez González, como secretario xeral; Manuel Casás Fernández, Félix Estrada Catoira, Manuel Durán García, Carmen Ferreiro, Eduardo Pérez Hervada e Ángel del Castillo compuñan o resto da directiva. En decembro de 1933 celébrase unha asemblea xeral para elixir unha nova directiva. Neste acto lese a memoria do ano anterior, por parte do secretario xeral saínte, Eladio Rodríguez.

Probablemente o seu delicado estado de saúde (o mesmo que aconteceu co seu abandono da presidencia da Academia Galega) foi a causa de que non o vixamos nas posteriores directivas.

